

1. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento e, salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea, o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa:

- a) Non poderá exceder de dous meses
- b) Non poderá exceder de tres meses
- c) Non poderá exceder de seis meses
- d) Non poderá exceder de 12 meses

2. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o funcionamento do rexistro electrónico:

- a) Permitirá a presentación de documentos todos os días do ano durante as vinte e catro horas
- b) Permitirá a presentación de documentos todos os días hábiles do ano durante as vinte e catro horas
- c) Permitirá a presentación de documentos todos os días hábiles do ano e os sábados durante as vinte e catro horas
- d) Permitirá a presentación de documentos todos os días hábiles do ano durante as horas establecidas de atención ao público

3. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fora expresamente elixida polo interesado, ¿cando se entenderá rexeitada?

- a) Cando se rexeitara polo interesado na plataforma de posta a disposición da notificación
- b) Cando transcorreran dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido
- c) Cando transcorreran 10 días hábiles dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido
- d) Cando transcorreran 10 días da publicación no boletín oficial da provincia ou no diario oficial da comunidade autónoma

4. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ¿como son os actos das Administracións Públicas que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder?

- a) Anulables
- b) Recorribles
- c) Inconstitucionais
- d) Nulos de pleno dereito

5. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas , ¿A Administración poderá convalidar os actos anulables?

- a) Non é posible.
- b) Poderá repetir o acto corrixindo os defectos.
- c) Si, subsanando os vicios de que adoeza.
- d) Si ningún interesado se declara afectado, convalídanse ao cabo de 10 días naturais

6. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados nun procedemento administrativo ¿teñen dereito a identificar ás autoridades e ao persoal ó servizo das Administracións Públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos?

- a) Non
- b) Teñen dereito a identificar ás autoridades pero non ao persoal
- c) Teñen dereito a identificar ao persoal pero non ás autoridades
- d) Si

7. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ¿poderanse iniciar novos procedementos de carácter sancionador por feitos ou condutas tipificadas como infraccións en cuxa comisión o infractor persista de forma continuada?

- a) Non, en ningún caso
- b) Non, en tanto no recaera unha primeira resolución sancionadora, con carácter executivo
- c) Si, tantos procedementos sancionadores como veces se verifique que persista de forma continuada
- d) Si, tantos procedementos sancionadores como veces se verifique que persista de forma continuada transcorrido o prazo de subsanación

8. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, respecto do trámite de audiencia, ¿poderase prescindir do trámite de audiencia?

- a) si, cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado
- b) si, cando o solicite o interesado
- c) si, cando lo estime oportuno o órgano tramitador
- d) en ningún caso

9. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público ¿Que é o "Contrato de concesión de obras"?

- a) É un contrato que ten por obxecto a realización polo concesionario dalgunhas das prestacións do "contrato de obras" establecido nesta Lei
- b) Non existe este contrato
- c) Todos os contratos consistentes na execución material dun proxecto de obras son "Contratos de concesión de obras"
- d) A concesión solo poderá realizarse despois de recibir as obras a administración contratante

10. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público, a duración dos contratos de arrendamento de bens mobles non poderá exceder, incluíndo as posibles prórrogas que acorde órgano de contratación, de:

- a) Un ano
- b) Tres anos
- c) Cinco anos
- d) 10 anos

11. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público ¿Os poderes adxudicadores poderán organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose doutra persoa xurídica distinta a eles, xa sexa de dereito público ou de dereito privado, previo encargo a esta?

- a) Non, en ningún caso.
- b) Si pero nunca a cambio dunha a compensación tarifaria.
- c) Si, pero necesariamente será outra persoa xurídica distinta a eles de dereito público
- d) Si, sempre e cando a persoa xurídica que utilicen mereza a cualificación xurídica de medio propio personificado respecto deles

12. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público, no encargo a un medio propios personificado, de prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria:

- a) A compensación establecerase por referencia a tarifas aprobadas pola entidade pública da que depende o medio propio personificado.
- b) A compensación establecerase á por referencia a tarifas aprobadas polo medio propio personificado
- c) A compensación establecerase por referencia a tarifas de mercado.
- d) A compensación establecerase a tanto alzado

13. A Lei 9/2017, de contratos do sector público, respecto ao carácter formal da contratación do sector público ¿Que establece respecto a contratar verbalmente polas entidades do sector público?

- a) Que non poderán contratar verbalmente en ningún caso
- b) Que solo poderán contratar verbalmente en caso de contratos menores
- c) Que solo poderán contratar verbalmente en caso de contratos menores e de darse as circunstancias sinaladas no artigo 118.4
- d) Que as entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, conforme ao sinalado no artigo 120.1, carácter de emerxencia

14. Establece a Lei 9/2017, de contratos do sector público que os órganos de contratación difundirán exclusivamente a través de Internet o seu perfil de contratante, como elemento que agrupa a información e documentos relativos a súa actividade contractual ó obxecto de asegurar a transparencia e o acceso público aos mesmos. A publicación da información relativa aos contratos menores, salvo excepcións, deberá realizarse cando menos:

- a) Mensualmente
- b) Trimestralmente
- c) Semestralmente
- d) Non se establece a publicación da información relativa aos contratos menores

15. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público, unha vez formalizado o contrato cunha unión temporal de empresas ¿Que ocorrerá cando algunha ou algunhas das empresas integrantes da unión temporal fosen declaradas en concurso de acredores?

- a) Quedará invalidado o contrato
- b) Quedará invalidado o contrato solo en caso de que se houbera aberto a fase de liquidación
- c) Continuará a execución do contrato coa empresa ou empresas restantes sempre que estas cumpran os requisitos de solvencia ou clasificación esixidos
- d) Liquidaranse as unidades de obra executadas e licitarase o resto de novo

16. Segundo o artigo 284 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, ¿que debe expresar o contrato de concesión de servizos con claridade?

- a) En todo caso, o ámbito da concesión, tanto na orde funcional, como na territorial
- b) Excepcionalmente, o ámbito da concesión, tanto na orde material, como na territorial
- c) En todo caso, o ámbito da concesión, tanto na orde material, como na territorial
- d) Excepcionalmente, o ámbito da concesión, tanto na orde funcional, como na territorial

17. De conformidade coa Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, as obras necesarias para emendar un menoscabo producido nun ben inmovible por causas fortuítas ou accidentais, denomínanse:

- a) Obras de conservación
- b) Obras de restauración
- c) Obras de reparación
- d) Obras de rehabilitación

18. O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) financia a contribución da PAC aos obxectivos de desenvolvemento rural da Unión Europea. Sinala, dos seguintes cales son obxectivos de desenvolvemento rural da UE:

- a) mellorar a Competitividade da agricultura
- b) fomentar a xestión sostible dos recursos naturais e a acción polo clima
- c) lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais
- d) todas son correctas

19. Sinala a resposta INCORRECTA sobre o Fondo Europeo de desenvolvemento rexional (FEDER):

- a) está destinado a contribuír á corrección dos principais desequilibrios rexionais dentro da UE
- b) un dos seus obxectivos principais é a inversión en crecemento e emprego
- c) financia a contribución da PAC aos obxectivos de desenvolvemento rural da Unión Europea
- d) un dos seus obxectivos principais é a cooperación territorial europea

20. Cal dos seguintes é un instrumento do Programa Generación UE, coñecido como Next generation?

- a) O MIR, Mecanismo de Inversión e resistencia
- b) O Fondo RIOT-EU, que contribúe a paliar os danos causados pola gripe
- c) O Fondo REACT-EU
- d) O FSE, Fondo Social Europeo

21. Cal dos seguintes fondos europeos se creou para contribuír a reparar os danos económicos e sociais inmediatos causados pola pandemia de coronavirus?

- a) Fondo REACT-EU
- b) Fondo After Generation
- c) Fondo FEMECO, Fondo Europeo de Medidas Extraordinarias fronte ao Coronavirus.
- d) Non hai ningún fondo que se creara con esta fin.

22. Das seguintes, cal NON é unha actuación financiable polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (FEAGA):

- a) programas nacionais de loita contra o cambio climático
- b) axudas sectoriais ao sector do viñado
- c) programa comunitario de froitas, hortalizas e leite nas escolas
- d) axudas sectoriais ao sector das froitas e verduras

23. Segundo o artigo 9 da Lei 12/2013 do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, os contratos alimentarios deben contar como mínimo cunha serie de extremos, entre os que se cita:

- a) Obxecto do contrato
- b) Prezo do contrato
- c) as respostas a e b son certas
- d) todas son falsas

24. Atendendo ao artigo 5 da Lei 12/2013 do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, cales dos seguintes sectores produtivos NON forma parte do sector alimentario:

- a) agrícola
- b) servizos
- c) forestal
- d) pesqueiro

25. Cales das seguintes prácticas comerciais están prohibidas segundo a Lei 9/2013 do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria?

- a) Que unha das partes da relación comercial esixa á outra pagos que non están relacionados coa venta dos produtos agrícolas ou alimentarios do provedor
- b) Que unha das partes da relación comercial cancele un pedido de produtos agrícolas e alimentarios perecedoiros dentro dos 30 días previos ó momento sinalado pa a súa entrega ó vendedor
- c) Que unha das partes da relación comercial adquira, utilice ou divulgue secretos empresariais da outra parte ilicitamente, no sentido da Lei 1/2019, do 20 de febreiro, de Secretos Empresariais
- d) Todas as sinaladas son prácticas comerciais prohibidas segundo a Lei 9/2013

26. De acordo co disposto na Lei 12/2013 do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, cal das seguintes NON é unha infracción das que se relaciona como leve en materia de contratación alimentaria?

- a) Incumprir as obrigas de conservar documentos
- b) Cumprir a obriga de inscrición no rexistro de contratos alimentarios prevista no artigo 11 bis
- c) Non cumprir as condicións e requisitos establecidos para a realización de poxas electrónicas
- d) Non incluír os extremos que como mínimo deben ter os contratos alimentarios

27. De acordo ao artigo 3 da Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos alimentarios, cal das seguintes estipulacións se debe incluír nos contratos tipo agroalimentario para ser homologados?

- a) identificación das partes contratantes
- b) forma de resolver as controversias, agás na interpretación ou execución do contrato tipo.
- c) obxecto do contrato tipo, sin definir claramente o produto e cantidade.
- d) prezos e condicións de pago, sendo o prezo a percibir fixado anualmente nos anuarios de estatística agraria de cada comunidade autónoma, e sen que as partes signatarias podan negociar sobre o mesmo

28. Segundo o Anuario de Estatística Agraria e as Contas Económicas de Agricultura, en Galicia para o ano 2020 o valor estimado dos produtos cárnicos da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Tenreira Galega é de:

- a) 126 millóns de euros
- b) 1 millón de euros
- c) 126.000 euros
- d) 1,26 millóns de euros

29. Segundo o Anuario de Estatística Agraria e as Contas Económicas de Agricultura, en Galicia que denominación de orixe de viños ten un valor engadido máis alto durante o 2020?

- a) Betanzos
- b) D.O Rías Baixas
- c) D.O. Ribeiro
- d) Barbanza

30. Segundo o Anuario de Estatística Agraria e as Contas Económicas de Agricultura, sinala a resposta CORRECTA en relación ao número de explotacións produtivas de gando bovino en Galicia no 2020:

- a) na comunidade autónoma hai un maior predominio no número de vacas de carne fronte ao de vacas de leite
- b) na provincia de Lugo o n.º de vacas de carne é de máis do dobre ao n.º de vacas de leite
- c) a provincia de Ourense é a que ten un menor nº de vacas de leite
- d) todas son correctas

31. Sinala a resposta correcta. Segundo o Anuario de Estatística Agraria e as Contas Económicas de Agricultura, dende o 2005 e ata o 2020, en Galicia:

- a) o nº de vacas por explotación incrementouse
- b) o nº de explotacións de gando bovino descendeu
- c) as respostas a e b son correctas
- d) as respostas a e b son falsas

32. Segundo o Anuario de Estatística Agraria e as Contas Económicas de Agricultura, sinala a resposta CORRECTA en relación á produción de leite en Galicia no ano 2020:

- a) Ourense é a provincia galega con menor produción
- b) Ourense é a provincia galega con maior produción
- c) a produción é igual nas catro provincias galegas
- d) a cifra histórica de maior produción de leite na comunidade acadouse no 2020.

33. ¿Cal dos seguintes produtos acadou un maior prezo en €/100 kg peso vivo durante o ano 2020 en Galicia, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE)?

- a) año leitón
- b) coello
- c) polo de granxa
- d) porco

34. Segundo o IGE para o 2020, en canto ao nº de explotacións gandeiras por tipo de gando, en Galicia:

- a) o tipo de gando con maior número de explotacións é o bovino
- b) o tipo de gando con maior número de explotacións é o de aves de curral
- c) o tipo de gando con maior número de explotacións é o porcino
- d) o tipo de gando con maior número de explotacións é o equino

35. ¿Cal dos seguintes é un tipo de proceso de mellora da estrutura territorial agraria, segundo o exposto na Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia?

- a) reestruturación parcelaria de carácter privado
- b) actuacións intensivas en zonas urbanas
- c) reestruturación da propiedade de fincas de vocación agraria polas persoas particulares
- d) plans de expropiación de masas comúns

36. A Lei 4/20015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia define masa común como:

- a) conxunto de fincas remanentes resultantes do proceso de axuste técnico para a compensación entre achegas e atribucións, e co destino e titularidade que establece o artigo 34 da presente lei
- b) parcelas que manterán inalterada a súa propiedade
- c) parcela de achega que é propiedade dunha persoa titular que só posúe esa parcela
- d) conxunto de accións e investimentos a aplicar en cada zona rural

37. Sinala a resposta CORRECTA segundo a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia:

- a) a cualificación como veciñal en man común non impide a súa inclusión nun proceso de reestruturación parcelaria.
- b) a cualificación como veciñal en man común impide a súa inclusión nun proceso de reestruturación parcelaria.
- c) con carácter xeral, ás parcelas dun monte veciñal en man común, cualificado como tal, con superficies inferiores a 1 hectárea aplicaráselle o contemplado na Lei 4/2015 do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.
- d) un monte veciñal en man común só pode incluírse nun proceso de reestruturación parcelaria se está poboado con castiñeiros.

38. O Sitegal, proporcionará información sobre a situación das parcelas dadas de alta, atribuíndolle etiquetas identificativas nas que conste o seu estado. É un estado do Sitegal:

- a) arrendada
- b) en proceso de arrendamento
- c) non arrendable
- d) todas son certas

39. Sinala a resposta CORRECTA en relación aos polígonos agroforestais:

- a) o desenvolvemento de polígonos agroforestais soamente se poderá efectuar mediante iniciativas públicas.
- b) o desenvolvemento de polígonos agroforestais soamente se poderá efectuar mediante iniciativas privadas.
- c) o desenvolvemento de polígonos agroforestais poderase efectuar mediante iniciativas públicas ou privadas.
- d) os polígonos agroforestais defínense como aquelas parcelas con vocación agroforestal que se sitúan a menos de 50 metros dos polígonos industriais

40. Segundo o artigo 12.3 da Lei 38/1999 de Ordenación da Edificación, a elaboración de modificacións do proxecto durante a execución da obra corresponde:

- a) Ó director de obra
- b) Ó proxectista
- c) Ó director de execución da obra, a petición ou de conformidade co promotor
- d) Ó director de obra ou ó proxectista, a elección do promotor e de acordo co construtor

41. De acordo co disposto no artigo 11 da Lei 38/1999 de Ordenación da Edificación, NON é unha obriga do construtor:

- a) Executar a obra con suxeición ó proxecto, a lexislación aplicable e ás instrucións do director de obra e do director de execución da obra, a fin de acadar a calidade esixida no proxecto.
- b) Designar ó xefe de obra que asumirá a representación técnica do construtor na obra que pola súa titulación ou experiencia deberá ter a capacitación adecuada de acordo coas características e a complexidade da obra.
- c) Asignar á obra os medios humanos e materiais que a súa importancia requira
- d) Verificar a reformulación e a adecuación da cimentación e da estrutura proxectadas ás características xeotécnicas do terreo.

42. Os danos ocasionados por un defecto do illamento acústico dun edificio, segundo o artigo 17 da Lei 38/1999 de Ordenación da Edificación, xeran una unha responsabilidade por un prazo de:

- a) 10 anos
- b) 3 anos se afectan a particións interiores e 10 anos se afectan a cerramentos exteriores do edificio
- c) 3 anos
- d) 1 ano

43. Segundo o disposto na parte I do CTE (Código Técnico da Edificación), ¿cal das seguintes NON é unha esixencia básica establecida no documento que os edificios deban de cumprir?

- a) Esixencia básica SE 2: Aptitude ó Servizo
- b) Esixencia básica SI 5: Intervención de bombeiros e policía local
- c) Esixencia básica HE 6: Dotacións mínimas para a infraestrutura de recarga de vehículos eléctricos
- d) Esixencia básica SUA 7: Seguridade fronte ó risco causado por vehículos en movemento

44. Segundo o Código Técnico da Edificación DB-SI, nun edificio de uso residencial público, ¿cando debe instalarse columna seca?

- a) Cando a altura de evacuación excede de 24 m
- b) Sempre
- c) Cando a altura de evacuación excede de 15 m
- d) Se existen máis de tres andares baixo a rasante do terreo ou máis de catro sobre a mesma

45. Segundo o artigo 23 da Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia, as directrices de ordenación do territorio terán o seguinte ámbito:

- a) Municipal
- b) Provincial
- c) Supramunicipal
- d) A totalidade do territorio de Galicia

46. Segundo o artigo 35 da Lei 1/2021 de ordenación do territorio de Galicia, ¿Sobre cal dos seguintes ámbitos NON poderá formularse un plan sectorial?

- a) Vivendas de protección
- b) Espazo natural protexido
- c) Creación e desenvolvemento de solo industrial
- d) Abastecemento e saneamento.

47. Segundo o artigo 63 da Lei 2/2016 Lei do Solo de Galicia, os plans básicos municipais:

- a) Redáctanse como desenvolvemento do plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes
- b) Redáctanse como desenvolvemento do plan básico autonómico para os concellos que carecen de plan xeral de ordenación municipal.
- c) Redáctanse como desenvolvemento do plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes, e que carecen de plan xeral de ordenación municipal.
- d) Redáctanse como desenvolvemento do plan básico autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes, e que carecen de instrumento de ordenación municipal.

48. Sinala cal é o instrumento de planeamento de menor rango normativo dos seguintes:

- a) O estudo de detalle
- b) O proxecto sectorial de incidencia supramunicipal
- c) O plan parcial
- d) O plan especial

49. Unha declaración de impacto ambiental pode modificarse se concorre algunha destas circunstancias (sinala a correcta):

- a) a entrada en vigor de nova normativa que incida substancialmente no cumprimento das condicións establecidas na declaración de impacto ambiental.
- b) cando a declaración de impacto ambiental estableza condicións cuxo cumprimento sexa moi custoso economicamente para a empresa.
- c) cando se detecte que as medidas preventivas aplicadas son suficientes e están sendo eficaces.
- d) cando durante a fase de exposición pública o proxecto recibiu máis de 5 alegacións.

50. Segundo o disposto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental dun proxecto ou actividade perderá a súa vixencia si unha vez publicada no diario oficial correspondente non se houbera comezado a execución do proxecto ou actividade no prazo de:

- a) 4 meses prorrogables.
- b) 2 anos
- c) 4 anos en todo caso
- d) 4 anos, salvo que se acorde a prórroga da vixencia da declaración de impacto ambiental nos termos previstos.

51. ¿Cal dos seguintes informes debe incluírse na solicitude de autorización ambiental integrada, segundo o Real Decreto Legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación?

- a) Informe urbanístico do concello en cuxo territorio de ubique a instalación, acreditativo da compatibilidade do proxecto co planeamento urbanístico.
- b) Informe do organismo de conca en todo caso
- c) Informe da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- d) Informe preceptivo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

52. No programa PRESTO, os valores das porcentaxes de beneficio industrial e de gastos xerais do orzamento atópanse no menú:

- a) arquivo, novo, configuración.
- b) ver, propiedades de obra, cálculo
- c) informes, orzamentos e medicións, resumo do orzamento.
- d) procesos, crear datas e certificacións.

53. Cal é a extensión dos debuxos creados en Autocad?

- a) .dgv
- b) .gwd
- c) .dwg
- d) .gdw

54. Sinala cal dos seguintes comandos de Autocad permite cambiar o tamaño dun obxecto.

- a) SCALE (escalar)
- b) SPLINE (spline)
- c) ERASE (borrar)
- d) Ningún dos anteriores

55. Sinala cal das seguintes NON é unha ventaxa do uso dos diagramas de GANTT:

- a) a configuración pode levar moito tempo
- b) contribúe a establecer prazos e expectativas realistas
- c) fai que a información complexa sexa manexable
- d) ilustra as superposicións e dependencias

56. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o empresario deberá elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral unha serie de documentación ¿cal das seguintes non é unha delas?

- a) Plan de prevención de riscos laborais
- b) Planificación da actividade preventiva, incluídas as medidas de protección e de prevención a adoptar e, no seu caso, material de protección que deba utilizarse
- c) Listado de traballadores coa descrición da tarefa e a formación de cada un deles
- d) Relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que causaran ao traballador unha incapacidade laboral superior a un día de traballo

57. Segundo Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais ¿Corresponde a cada traballador velar pola súa propia seguridade e saúde no traballo?

- a) Si, segundo as súas posibilidades e mediante o cumprimento das medidas de prevención que en cada caso sexan adoptadas
- b) Non, correspóndelle ao empresario
- c) Non, correspóndelle ao comité de riscos laborais da empresa
- d) Solo en caso de ser autónomo

58. Segundo o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, o promotor estará obrigado a que na fase de redacción del proxecto se elabore un estudo de seguridade e saúde nos proxectos de obras no suposto seguinte:

- a) Que o volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a 100
- b) Que o volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a 200
- c) Que o volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a 300
- d) Que o volume de man de obra estimada, entendendo por tal a suma dos días de traballo do total dos traballadores na obra, sexa superior a 500

59. Segundo o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, durante a execución da obra o plan de seguridade e saúde poderá ser modificado, co procedemento que corresponda, en función do proceso de execución da obra, da evolución dos traballos e das posibles incidencias ou modificacións que podan xurdir ó longo da obra, por:

- a) O promotor
- b) O proxectista
- c) O coordinador en materia de seguridade e de saúde
- d) O director de obra

60. Segundo o Anexo I do Real Decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, a anchura mínima dos corredores será de:

- a) 80 centímetros
- b) 90 centímetros
- c) 1 metro
- d) 120 centímetros

PREGUNTAS DE RESERVA

1. Cal dos seguintes fondos se inclúe dentro dos denominados Fondos Estruturais e de Inversión Europeos:

- a) o FEDER
- b) o FEADER
- c) a e b son falsas
- d) a e b son certas

2. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os procedementos iniciaranse de oficio por acordo do órgano competente:

- a) solo por propia iniciativa
- b) solo como consecuencia de orde superior
- c) solo por denuncia
- d) Por calquera das anteriores

3. De acordo coa Lei 9/2017, de contratos do sector público ¿poderase esixir ás empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias de contratos de obras que abran unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil?

- a) Non xa que non se poden contratar obras con empresas non comunitarias.
- b) Non é necesario exililo xa que contar con apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil en España resulta obrigado para presentarse ás licitacións segundo o artigo 72.2 da Lei.
- c) Adicionalmente, o prego de cláusulas administrativas particulares poderá exixir ás empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias de contratos de obras que abran unha sucursal nun estado membro, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil do estado membro correspondente.
- d) Adicionalmente, o prego de cláusulas administrativas particulares poderá exixir ás empresas non comunitarias que resulten adxudicatarias de contratos de obras que abran unha sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

4. Unha vez que se acadou un resultado positivo do estudo previo de iniciación dunha zona, como se inicia o proceso de reestruturación parcelaria?

- a) mediante acordo da Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias.
- b) mediante decreto do Consello da Xunta, a proposta da consellería competente en materia de desenvolvemento rural.
- c) mediante resolución do instrutor do procedemento, que ten que ser un funcionario con titulación superior nalguna especialidade agraria.
- d) mediante orde conxunta da Consellería do Medio Rural e da Consellería de Infraestruturas e mobilidade.

5. Segundo se indica no artigo 7 Lei 38/1999 de Ordenación da Edificación, a documentación que constitúe o Libro do Edificio:

- a) Incluirá o proxecto de obra, e as modificacións aprobadas
- b) Incluirá a acta de recepción da obra e unha relación dos axentes que interviñeron
- c) Son correctas as respostas a) e b)
- d) Non se regula na Lei de Ordenación da Edificación.